

## ANUNCIO

En data 04/06/2019 a Alcaldía ditou a seguinte Resolución:

**ASUNTO:** APROBACIÓN BASES QUE REXERÁN O PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN E CONTRATACIÓN DE DOUS OFICIAIS DE SEGUNDA AO ABEIRO DO PROGRAMA PIL DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA PARA O ANO 2019

**EXPEDIENTE:** 2019/G003/000113

### ANTECEDENTES:

O Concello de Moeche solicitoulle unha subvención á Deputación da Coruña ao abeiro do Programa de Integración Laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes, anualidade 2019 (BOP núm. 34 do 18/02/2019).

Por resolución definitiva da Deputación da Coruña (BOP núm. 65 do 04/04/2019) concedéuselle ao concello unha subvención para a contratación de persoal ao abeiro do Programa de Integración Laboral. Resulta para este concello a contratación de dito persoal, é necesario a aprobación das bases que rexerán o proceso de selección e contratación do persoal para a execución de obras e servizos mínimos municipais.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO:** aprobar as bases para a selección e contratación de perosal laboral temporal para a execución de obras e servizos mínimos municipais que se achegan como anexo

**SEGUNDO:** convocar o procedemento selectivo para a selección e contratación de persoal laboral temporal para a execución de obras e servizos mínimos municipais no Concello de Moeche.

**TERCEIRO:** publicar o anuncio da convocatoria no BOP e o texto íntegro das bases reguladoras das probas selectivas na páxina web e taboleiro de anuncios do concello, sendo a data da publicación no BOP a que servirá para o cómputo do prazo de presentación de instancias

## **Bases da convocatoria para a contratación laboral temporal de varios postos dentro do programa de integración laboral (PIL) da Deputación da Coruña para o ano 2019**

### **1ª.- Obxecto da convocatoria**

**A selección polo sistema de concurso-oposición, dos** seguinte postos:

- un posto de oficial de segunda de operario de servizos múltiples

- un posto de oficial de segunda tractorista-condutor

A súa contratación laboral temporal realizarase ao abeiro da subvención concedida ao Concello de Moeche pola Deputación da Coruña publicada no BOP num. 65 04/04/2019 de conformidade coas bases do Programa de Integración Laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais anualidade 2019 (BOP num. 34 do 18/02/2019).

A selección dos traballadores será mediante sistema concurso-oposición.

### **2ª.- Normativa aplicable**

Ao presente concurso oposición seralle de aplicación o previsto no TRLEBEP. Así mesmo e nos

aspectos non derogados expresamente que non se oponan ao desposto no TRLEBEP, tamen sera de aplicacion o establecido na Lei 30/84, de 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Funcion Publica, na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de rexime local, no Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de rexime local, aprobado por Real Decreto Legislativo 781/1986 de 18 de abril, na Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administracion Local de Galicia, na Lei 2/2015, de 29 de abril de emprego publico de Galicia, Real decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal o servizo da Administracion, no Real decreto legislativo 2/2015 de 23 de outubro polo que se aproba o Texto refundido do estatuto dos traballadores, e demais disposicións aplicables.

### **3ª.- Modalidade de contratación**

A modalidade de contratación sera a de contrato laboral temporal de duracion determinada por obra ou servizo determinado, consonte aos artigos 1.a) e 2 do Real Decreto 2720/1998, de 18 de decembro, polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratación de duracion determinada. Estara vinculado ao financiamento do servizo por parte da Deputacion da Coruna, de tal xeito que o contrato declararase extinguido no suposto de que o

Concello de Moeche deixe de prestar este servizo por calquera motivo incluída a falta de financiamento externo do mesmo, antes da data de remate que se fixe.

A duracion do contrato, dende a súa formalización, e as retribucións serán:

1 Oficial de 2ª Operario Servizos Múltiples : 6 meses cunha xornada de 35 horas semanais (de luns a sábado, horario de mañá e tarde). Retribucións brutas: 1300 € (incluída prorrateada paga extra)

1 Oficial de 2ª tractorista-condutor : 6 meses, xornada 35 horas semanais (de luns a sábado, horario de mañá e tarde). Retribucións brutas: 1300 € (incluída prorrateada paga extra)

### **3ª.- Funcións xerais**

As relacionadas cos servizos mínimos municipais tales como: iluminación pública, cemiterio, recollida de residuos, limpeza viaria, abastecemento domiciliario de auga potable, alcantarillado, acceso aos núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas. Así mesmo as relacionadas coas pequenas obras de reparación e mantemento dos ditos servizos mínimos.

### **Oficial 2º operario de servizos múltiples**

Aman de avarias diversas (electricidade, fontanería, pintura, etc) de pouca entidade nas instalacións municipais e axuda aos especialistas nas labores de reparación de importancia , recollida de voluminosos, recollida no servizo municipal do lixo, mantemento das instalacións municipais e control de acceso, uso e mantemento, limpeza e conservación das zonas e elementos públicos, control e comunicación das necesidades de reposición de bens e materiais, desbroce de vías e zonas públicas, tarefas xerais para o bo funcionamento dos servizos básicos municipais e dos edificios municipais.

### **Oficial 2º Conductor-tractorista ( vehículos e maquinaria pública municipal )**

Condución e manexo de maquinaria municipal: camión da recollida de residuos, mantemento de rede de subministro de auga, desbroce con tractores municipais, manexo de cisterna e outros accesorios, recollida de lixo, tarefas de roza e limpeza de vías municipais e outras relacionadas coas funcións xerais citadas arriba.

### **4ª Requisitos**

Para poder participar no proceso selectivo, as persoas aspirantes haberán de reunir os seguintes requisitos:

a) Ter a nacionalidade española ou ser nacional dun Estado membro da Unión Europea ou doutros

Estados aos que se refire e nas condicións que establece o artigo 57 do EBEP.

- b) Ter cumpridos dezaseis (16) anos de idade e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.  
c) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade para o

exercicio de funcións públicas de conformidade coa Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas. Idénticos requisitos seralles esixido aos nacionais dos demais estados membros da Unión Europea no seu caso.

d) Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o desempeño das correspondentes funcións. A condición de discapacitado/a e a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación. As persoas aspirantes con discapacidade farán constar na súa instancia se precisan adaptación para as probas.

e) Estar en situación de desemprego

f) **Cumprir algún dos seguintes requisitos** establecidos na base 2.1 do Programa de Integración

Laboral da Deputación da Coruña convocado por esta:

- *Muller, ao ter un diferencial de índice de paro rexistrado sensiblemente superior ao dos homes*

- *Persoas maiores de 45 anos*

- *Persoas desempregadas de longa duración (mínimo de dous anos como demandantes de emprego).*

- *Persoas con discapacidade nun grao igual ou superior ao 33 %.*

- *Persoas en situación de drogodependencia*

- *Persoas que vivan nun fogar onde ningunha teña emprego*

- *Persoas en fogar monoparental/monomarental*

- *Persoas vítimas de violencia de xénero*

- *Persoas sen fogar*

i) Permiso conducir tipo B

k) Certificado de Aptitude Profesional (CAP) e permiso conducir tipo C, para o posto de tractorista-condutor

Os requisitos anteriores deberán reunir con referencia ao último día do prazo de presentación de instancias.

## **5º.- Presentación de instancias:**

A solicitude para tomar parte nas correspondentes probas selectivas axustarase ao modelo que figura como **Anexo I** das presentes Bases, dirixirse a senora alcaldesa do Concello de Moeche, no

prazo de **7 días naturais** contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio de convocatoria no Boletín Oficial da Provincia

O resto dos anuncios exponeranse no taboleiro de anuncios do Concello de Moeche e na súa páxina web [www.moeche.gal](http://www.moeche.gal)

Xunto coas instancias para solicitar participar no proceso, deberá presentarse a seguinte documentación, orixinal ou copia compulsada:

- Instancia na que se fará constar que reúnen todos os requisitos sinalados nas bases.

- Fotocopia do Documento Nacional de Identidade (DNI)

- Fotocopia da tarxeta de demandante de emprego actualizada. (A este respecto, durante a tramitación o proceso selectivo as persoas aspirantes deberán cumprir as obrigas derivadas da

revista da dita tarxeta de demandante)

- Fotocopia da documentacion acreditativa dos meritos alegados .
- Documentos que acrediten o cumprimento das situacions existidas na base 2 das Bases do programa de integracion laboral da Deputacion da Coruna, anualidade 2019
- Mulleres e persoas maiores de 45 anos Copia compulsada do DNI
- Persoas desempregadas de longa duracion - Informe de vida laboral actualizado
- Certificado do SPE do tempo que leva desempregado/a
- Persoas con discapacidade Coa correspondente acreditacion
- Persoas en situacion de drogodependencia,
- Persoas que vivan nun fogar onde ningunha tena emprego
- Persoas en fogar monoparental/monomarental,
- Persoas vitimas de violencia de xenero e persoas sen fogar
- Informe dos servizos sociais municipais
- Coa presentacion da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os/as interesado/as aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

### **5ª.- Admisión de aspirantes**

Rematado o prazo de presentacion de solicitudes, a Alcaldia ditara resolucion, no prazo maximo de 2 dias naturais, declarando aprobada a lista provisoria de admitidos/as e excluidos/as. Esta resolucion publicaranse no taboleiro de edictos da casa do Concello e na paxina web [www.moeche.gal](http://www.moeche.gal) sinalandose un prazo de dous ( 2 ) dias naturais contados a partir do seguinte ao da publicacion da resolucion para que os aspirantes excluidos poidan emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusion. No caso de non haber excluidos nin que precisen do tramite de emenda, entenderase esta lista coma lista definitiva de aspirantes admitidos.

No anuncio de aprobacion da relacion definitiva de aspirantes admitidos e excluidos sera sinalada a composicion do tribunal, lugar e hora de realizacion das probas, debendo transcorrer polo menos 24 horas entre a publicacion e a data de realizacion das probas.

As restantes notificaciones que se realicen durante a tramitacion deste proceso de seleccion publicaranse na paxina web do Concello e no Taboleiro de edictos da Corporacion.

### **6ª.- Tribunal Cualificador**

A designacion dos membros do Tribunal, titulares e suplentes, farase na resolucion da Alcaldia pola que se probe a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluidas.

O Tribunal Cualificador estara composta por un presidente/a, un secretario/a e un vogal. Todos os/as vogais deberan contar con titulacion de nivel igual ou superior a esixida para o acceso a praza. O Tribunal non podera constituirse nin actuar sen a asistencia de mais da metade dos membros. En todo caso, sera precisa a asistencia do presidente/a e do secretario/a.

Os membros do Tribunal deberan absterse de intervir, comunicandollo a autoridade competente, cando concorran neles circunstancias das previstas o artigo 28 da Lei 40/2015, de 1 de outubro. Os aspirantes poderan recusar aos membros do tribunal cando concorran as ditas circunstancias, consonte ao artigo 29 da mesma lei.

O Tribunal Cualificador queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nas bases.

O Tribunal podera disponer a incorporacion de asesores/as especialistas para as probas que

considere pertinentes, que se limitaran ao exercicio das suas especialidades tecnicas en base exclusivamente as cales colaboraran co organo de seleccion.

A efectos de percepcion de asistencias, o Tribunal tera a categoria terceira (3a) das sinaladas no Real

decreto 462/2002 do 24 de maio, sobre indemnizacions por razon do servizo.

## **7ª.- Proceso selectivo**

A seleccion realizarse mediante o sistema de **concurso-oposición**, consistindo a primeira fase no

concurso e valoracion de situacions que dificultan o acceso ao mercado laboral, participacion en programas de capacitacion, formacion e integracion no mundo laboral e outro tipo de formacion relacionada coas funcions propias do traballo e a segunda fase na oposicion que consistira nunha proba escrita determinada polo tribunal cualificador.

### **PRIMEIRA FASE: Fase de concurso: máximo 8 puntos**

#### **1 Circunstancias persoais e familiares: puntuación máxima 3 puntos.**

Mulleres

Persoas desempregadas de longa duracion (para os efectos deste programa teran esta consideracion aquelas persoas que leven un minimo de dous anos como demandantes de emprego).

Persoas que vivan nun fogar onde ningunha tena emprego /ingresos

1 punto por cada situacion

Persoas maiores de 45 anos

Persoas vitimas de violencia de xenero

Persoas con discapacidade

Persoas en situacion de drogodependencia,

Persoas en fogar monoparental/monomarental

Persoas sen fogar

0,50 por cada situacion

#### **2 Formación relacionada co posto de traballo: puntuación máxima 3 puntos.**

1- Pola acreditacion documental da súa participacion en programas de capacitacion, formacion e integracion no mundo laboral, organizados ou financiados polas administracions publicas, e con acabado favorable relacionados co posto de traballo: **ata un máximo de 1 punto**

2- Cursos de formacion sobre materias directamente relacionadas co posto de traballo, impartidos por Administracions Publicas, organismos oficiais dependentes de calquera Administracion Publica ou homologados por esta.

a) Por cada curso de ata 30 horas: 0,10 puntos.

b) Por cada curso de 31 a 100 horas: 0,25 puntos.

c) Por cada curso de 101 a 200 horas: 0,50 puntos.

d) Por cada curso de mais de 200 horas: 0,70 puntos.

Os meritos alegados neste apartado acreditaranse mediante a presentacion do orixinal ou copia compulsada do titulo ou certificado de realizacion de cada curso, no que debera constar expresamente o numero de horas e un resumo das materias impartidas.

3- Pola posesion do carnet de conducir B: 0,10 puntos. (so para o posto de peon ) e pola posesion doutros carnes especiais (palista, maquinista): 0,20 por cada un.  
Os meritos alegados neste apartado acreditaranse mediante a presentacion do orixinal ou copia compulsada

### **3. Experiencia laboral relacionada co posto de traballo.**

Nela valorara a experiencia en traballos analogos ou relacionados co obxecto da presente convocatoria. **Puntuación máxima: 2 puntos**

Por experiencia na categoria do posto ou analoga: 0,10 puntos por mes traballado .Se traballo se desenvolvera a tempo parcial, puntuarase proporcionalmente o tempo traballado.

A experiencia laboral para ser valorada **deberá vir debidamente xustificada mediante certificado**

de vida laboral expedido pola Tesoureria Xeral da Seguridade Social e contratos de traballos ou certificacion de servizos prestados ou certificado de empresa no que se indique o posto ocupado e a data de inicio e remate nesa categoria,

**Non se valorarán aqueles contratos que non o xustifiquen debidamente.**

### **SEGUNDA FASE: Fase de oposición. Puntuación máxima: 12 puntos.**

Consistira na realizacion dun exame tipo test, para cada unha das prazas convocadas, sobre materias relacionadas co posto, de conformidade co temario que figura no anexo II destas bases, con 3 alternativas de resposta cada unha. Esta proba escrita sera un test de 12 preguntas e valorarase de 0 a 6 puntos debendo obter unha puntuacion minima de 6 puntos para superar a proba. Cada pregunta acertada valorarase con 0,5 puntos. A non presentacion a proba supora a eliminacion do proceso selectivo.

Realizarase unha proba practica relacionada coas funcions propias de cada posto. Esta proba practica valorarase de 0 a 6 puntos debendo obter unha puntuacion minima de 3 puntos para superar a proba. . A non presentacion a proba supora a eliminacion do proceso selectivo.

Correspondelle ao tribunal establecer o tempo maximo da proba ou probas a realizar.

**Proba de galego.** En aplicacion do previsto no artigo 51 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego

publico de Galicia, a respecto da acreditacion do galego; aquelas persoas que non acrediten conecementos basicos en lingua galega (CELGA 1 ou equivalente) teran unha proba oral de galego, que sera cualificada como **apta ou non apta**. Aquelas persoas aspirantes que se atopen imposibilitados para a realizacion da proba oral, realizarana por escrito. Quedaran exentas da realizacion desta proba as persoas que, no momento de realizacion da proba correspondente a fase de oposicion, estar en posesion do CELGA 1 ou equivalente. Se o tribunal o considera conveniente, podera acordar a celebracion desta proba na mesma xornada que a proba da fase de oposicion, concedendolle as persoas participantes un descanso minimo de trinta minutos, agas renuncia expresa, entre a celebracion das probas.

### **8ª.- Resolución**

A puntuacion total dos participantes vira determinada pola suma dos puntos obtidos na fase de concurso e na fase de oposicion, cunha puntuacion maxima de 20 puntos.

Aos efectos da súa notificacion colectiva publicarase un Anuncio no Taboleiro, indicando a puntuacion obtida por cada un dos/as aspirantes en cada unha das fases e probas, asi como a suma das mesmas.

En caso de empate, teran preferencia os participantes con maior puntuacion na fase de valoracion da situacion persoal. Se persiste o empate, resolverase o mesmo en favor do/a aspirante que obtivese

maior puntuacion no punto terceiro do baremo de meritos e fnalmente resolverase, de ser ocaso, co maior resultado na fase de oposicion.

O tribunal publicara a relacion de aprobados por orde de puntuacion no Taboleiro de Edictos do Concello e na paxina web do Concello, e elevara dita relacion a Alcaldesa-Presidenta que aprobara a relacion de persoas candidatas que superaron a seleccion.

## **9ª: Relación de candidatos, presentación de documentos e nomeamento**

Unha vez rematada a cualificacion da documentacion dos aspirantes, o tribunal fara publica a relacion de aspirantes ao posto de traballo, coa puntuacion provisional acadada, por orde de puntuacion, no taboleiro de edictos do concello e na paxina web, os aspirantes disporan dun prazo de 2 dias habiles, a partir do seguinte ao da publicacion, para efectuar as alegacions pertinentes. Rematado o prazo e tras resolver as alegacions efectuadas no seu caso, darase traslado o Presidente da Corporacion, precisandose que non podera superarse o numero de prazas vacantes convocadas. Os aspirantes propostos achegaran a Administracion, dentro do prazo establecido de 2 dias habiles, os documentos acreditativos das condicions de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria; salvo que estes xa fosen presentados anteriormente xunto a documentacion de participacion. O apartado capacidade funcional, debera acreditarse mediante a presentacion de certificacion medica ou equivalente. Os que, dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior, non presentasen a documentacion ou desta se deducise que carecen dalgun dos requisitos esixidos, non poderan ser contratados, polo que quedaran anuladas todas as suas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incorrer por falsidade nas suas solicitudes de participacion.

### **INCIDENCIAS**

O tribunal esta facultado para resolver as dúbidas e incidencias que se presenten, así como para adoptar os acordos necesarios para o bo desenvolvemento do proceso selectivo, en todo aquilo non previsto expresamente nestas bases.

### **LISTA DE RESERVA**

Ao rematar o proceso selectivo formarase unha relacion das persoas, en orde descendente de puntuacion. Os que formen parte da mesma poderan ser chamados ( sempre respetando a orde da lista), para cubrir prazas similares ou situacions de renuncia voluntaria, procesos de incapacidade temporal, maternidade ou calquera outra circunstancia, referentes ao mesmo programa da Deputacion.

Cando un dos aspirantes incluídos na lista fose chamado para ocupar un posto, ao rematar o periodo de contratacion recuperara o seu lugar inicial na mesma, de xeito que pode ser chamado novamente para outra contratacion. No caso de que un aspirante sexa chamado e rexeite a contratacion, pasara ao derradeiro lugar da lista.

### **Protección de datos de carácter persoal.**

De acordo co disposto na Lei Organica 15/1999, de 13 de decembro, de Proteccion de Datos de Caracter Persoal, os datos de caracter persoal que se faciliten para a participacion no presente proceso de seleccion de persoal incorporaranse a un ou varios ficheiros, cuxo responsable e o Concello de Moeche, onde as persoas aspirantes poderan exercitar en todo momento os dereitos de acceso, rectificacion Mediante a participacion no presente proceso selectivo, as persoas aspirantes ao mesmo, consenten o tratamento dos seus datos persoais coa finalidade de levar a cabo a seleccion de persoal, o rexistro de solicitudes, a cualificacion de probas, a avaliacion das persoas aspirantes, así como a provision de postos e elaboracion das bolsas de traballo. Igualmente, as persoas aspirantes prestan o seu consentimento para que os seus datos persoais sexan comunicados mediante a súa exposicion no Taboleiro de Edictos do Concello e na paxina web municipal, a

efectos de dar a publicidade esixida ao procedemento de seleccion, aos representantes dos/as traballadores/as, así como aquelas cesion autorizadas nunha norma con rango de Lei.

### **Normas finais**

Para todo o non previsto nestas Bases, ou naquilo que as contradigan, será de aplicación supletoria o establecido no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba a Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Rexime Local, Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas,

### **Recursos**

Contra a Resolución da Alcaldía que aprobe as presentes bases, que pon fin a vía administrativa, poderase interpor recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da publicación das presentes bases de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Con carácter potestativo e previo, poderase interpor recurso potestativo de reposición perante o Sr. Alcalde-Presidente, en virtude do establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio do proceso selectivo. Se se opta por interpor recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Neste último suposto, o prazo para a interposición do recurso contencioso administrativo será de seis meses a contar dende o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, todo elo sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro que o/a interesado/a considera procedente.

## **Anexo II**

### **Temario da fase de oposición**

#### **Posto oficial 2ª operario servizos múltiples**

1. Parroquias e lugares de Moeche 2. Principais vías de comunicación 3. Ferramenta propia do posto de albanel 4. Nocions básicas de fontanería, electricidade, xardinería e pintura. 5 Medidas de seguridade básicas para o traballo en obras

#### **Posto oficial 2º de tractorista - condutor**

1. Parroquias e lugares de Moeche 2. Principais vías de comunicación 3. Mantemento e conservación de vías públicas. Avarias frecuentes e reparacións. 4. Características básicas dos camións, escavadoras e tractores. 5. Medidas de seguridade básicas para o uso de maquinaria.

**ANEXO I****Solicitud de participación en proceso selectivo**

Don/a \_\_\_\_\_, con documento de identidade no \_\_\_\_\_, con enderezo en \_\_\_\_\_, parroquia de \_\_\_\_\_, concello de \_\_\_\_\_, telefono \_\_\_\_\_, correo electrónico \_\_\_\_\_

**Expoño** que desexo participar no proceso selectivo convocado ao abeiro da subvención da deputación provincial no marco do programa de integración laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes correspondente a anualidade 2019, para a provisión do posto de (marque o/s que considere):

- oficial 2a tractorista-condutor
- oficial 2o operario servizos múltiples

Para tal efecto fago constar:

- que reuno todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases da convocatoria.
- Que non estou separada/o mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións públicas, nin esta incurso en ningunha causa de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial para exercer funcións similares as das bases.
- Que, no caso de ser nacional doutro Estado, non estou inhabilitado/a ou en situación equivalente nin esta sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- Que non padezo enfermidade ou defecto físico ou psicolóxico que impida o desempeño das correspondentes funcións.
- Que conezo e acato incondicionalmente o contido das bases.
- Que son certos todos os datos sinalados na presente solicitude.
- Que achego coa presente solicitude a documentación xustificativa para a súa estimación.

Por todo isto, **Solicito** ser admitida/o para participar no referido proceso selectivo.

Documentación que achego (marque o que proceda):

Documento de identidade

- Certificado da oficina de emprego que acredite de ser unha persoa desempregada inscrita no SPEG como demandante non ocupada e estar dispoñible para o emprego.
- Tarxeta de demandante de emprego actualizada
- Informe de vida laboral
- Certificado de reconecemento dunha discapacidade
- Informe de servizos sociais
- Permiso de conducir B
- Diplomas e certificados de cursos e accións formativas
- Contratos ou documentos acreditativos da experiencia laboral

\_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_, de 2019

Moeche, 04 de xuño de 2019

A alcaldesa

Asdo.: Beatriz Bascoy Maceiras